



Sindicato de
Trabajadores de la
Administración de
Justicia

Sindicato independiente y específico ES DE JUSTICIA

Contacta con nosotros:

Provincia A Coruña: (Paco): móvil 609.292.438 Local sindical 881881672
Provincia Pontevedra: (José): 600.482.787 / (Kike) 605.128.068, Local sindical 886218416
Provincia de Orense: (Javier): móvil 649.978.259

Galicia

correo electrónico: stajgalicia@gmail.com // Blog: <http://stajgalicia.blogspot.com/>

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Praza de Europa 5ª, 4º andar.
Polígono das Fontiñas.
Santiago de Compostela.

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE PONTEVEDRA
PONTEVEDRA

Data 13/03/2015 10:19:09

ENTRADA 32793 / RX 494379



O pasado día 2 de marzo comenzou a mudanza dos xulgados de Ourense ao Edificio Xudicial novo, en cuestión dun mes e pico estarán ubicados ali tódolos órganos xudiciais de Ourense, agas as dúas Seccións da Audiencia Provincial que quedara no seu emplazamento actual no Pazo de Xustiza.


Non podo deixar pasar esta ocasión para criticar o desprezo de esa administración para cos funcionarios, que son obrigados a traballar en condicións tercermundistas, sen apenas espazo suficiente para as mesas, para ordenadores e as estanterías, sen luz natural e sen vistas, metidos nunha especie de bunker inhabitable e inhumano. Non se pensou nas persoas, polo menos na maior parte delas que ali teñen que traballar, e solo se mirou o deseño do inmovible e que o arquitecto se pudiera lucir. Aínda por riba despilfarranse os cartos nun edificio que xa nace pequeno e sen espazo para ubicar os arquivos.

Con respecto ós arquivos, máis ben con respecto a falta de arquivos no novo edificio, temos entendido que a Dirección Xeral de Xustiza ten pensado ante a falta da espazo para os arquivos, deixar os expedientes arquivados no edificio da Audiencia Provincial, e por medio de quendas que sexa o persoal do corpo de Auxilio quen se ocupe semanalmente de levar e traer os expedientes desde o arquivo ou xulgado respectivo, eso sí proporcionándolles un coche oficial con conductor. Eso vai quitar moito tempo a este persoal para facer as súas correspondentes funcións, e casi vai resultar imposible facelo naqueles xulgados que contan cunha soa persoa se Auxilio, sobre todo si ese día teñen xuízos, ou vistas.

Ademais a cantidade de expedientes que moitos xulgados teñen que arquivar e desarquivar a diario é inmensa, e moitos de eses desarquivos teñen que estar de inmediato na oficina xudicial, non podendo por ambos motivos fecerse solo unha vez a semana.

Solicitamos que os arquivos que queden no Pazo de Xustiza sexan atendidos por persoal en exclusiva para arquivar e desarquivar expedientes, subalternos da propia Consellería ou interinos nun primeiro momento, evitando así os desprazamentos do persoal de Auxilio e a perda de tempo que elo conleva, vemos tamén necesario un vehículo oficial con conductor adicado a tarefa do traslado de expedientes.

Pontevedra a trece de marzo de dous mil quince.


www.staj.es Sindicato de Trabajadores de la Administración de Justicia

Enrique Araújo Martínez.- Delegado Sindical de STAJ



Staj, Sindicato de Trabajadores de la Administración de Justicia.
Único sindicato Independiente y Específico de la Administración de Justicia

